

**PROPOSTA DO PLAN DE CONTROL FINANCEIRO PARA AS
SUBVENCÍONS PAGADAS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL NO
EXERCICIO 2013**

1. [*Informe-proposta da Intervención Provincial.*](#)
2. [*Ditame da Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas.*](#)
3. [*Certificado do Acordo Plenario.*](#)



INTERVENCIÓN

ASUNTO: INFORME FINAL OU RESUMO DE ACTUACIÓNS NA EXECUCIÓN DO PLAN DE AUDITORÍAS PARA O EXERCICIO DO CONTROL FINANCEIRO DAS SUBVENCIÓNS PAGADAS POLA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL NO EXERCICIO DE 2012.

PROPOSTA DO PLAN DE CONTROL FINANCEIRO PARA AS SUBVENCIÓNS PAGADAS NO EXERCICIO 2013

DESTINATARIOS:

SR. PRESIDENTE.
SRAS. E SRES. DEPUTADOS DO PLENO DA
CORPORACIÓN
CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA

I) RAZÓN DO PRESENTE INFORME E COMPETENCIA DOS ASINANTES:

Co fin de cumprir o acordado polo Pleno da Corporación, na sesión que se desenvolveu o día 31 de xaneiro de 2014, cando lle deu a aprobación ao Plan de auditorías para o exercicio do control financeiro das subvencións pagadas pola Excma. Deputación Provincial no exercicio de 2012, o persoal funcionario do Negociado de Control financeiro e Auditoría, dirixidos polo Interventor Adxunto e coa constancia expresa de conformidade do Interventor Xeral, emite o **INFORME FINAL OU RESUMO DE ACTUACIÓNS**.

II) ANTECEDENTES:

Os datos, resultados e recomendacións que se expoñen no presente informe teñen o seu precedente nos seguintes documentos ou expedientes:

- Informe-proposta emitido pola Intervención o 20 de xaneiro de 2014, polo que se propón o Plan de control financeiro das subvencións pagadas pola Excma. Deputación no exercicio de 2012.
- Acordo do Pleno da Corporación de 31 de xaneiro de 2014.
- Expedientes , no que se recollen todas as follas de traballo, dilixencias, comunicacións, requirimentos realizados a terceiros relacionados coas entidades beneficiarias, informes provisionais, informes definitivos e notificacións de cada un dos expedientes tramitados (segundo o estado que reflicte o Anexo I que se achega co presente informe).





III) ALCANCE E OBXECTIVOS:

O presente informe ten como obxectivo fundamental dar conta ao Sr. Presidente, ás señoras e señores deputados que integran o Pleno da Corporación e, unido á Conta Xeral de 2014, ao Consello de Contas de Galicia, dos resultados máis salientables do Plan de auditorías aprobado polo Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar o día 31 de xaneiro de 2014. No exercicio de dito control, mediante a técnica da auditoría de cumprimento, tratouse de verificar se na aplicación dos fondos públicos dispostos no ano 2012 en concepto de subvencións a entidades de natureza xurídico-privada, se seguiron as normas de aplicación. Quedaron fóra do universo da mostra os concellos e demais entidades públicas subvencionadas, posto que as mesmas xa contan con órganos de control interno que garanten o respecto á legalidade e o cumprimento da finalidade na aplicación dos fondos percibidos.

En concreto, de conformidade co disposto no artigo 44 da Lei 38/2003, de 16 de novembro, xeral de subvencións, os extremos comprobados foron os seguintes:

- a) Que se cumpriron as obrigas de xestión e aplicación da subvención.
- b) A realidade e regularidade das operacións que, de acordo coa xustificación presentada, teñan sido financiadas coa subvención.
- c) O axeitado e correcto financiamento das actividades subvencionadas.
- d) A existencia de feitos, circunstancias ou situacións non declaradas a esta Administración e que poideran afectar ao financiamento das actividades subvencionadas, a axeitada e correcta obtención, utilización, disfrute ou xustificación da subvención, así como a realidade e regularidade das operacións con ela financiadas.

IV) PROGRAMA DE TRABALLO, MEDIOS PERSOAIS E MATERIAIS

Para obter a información precisa para a emisión do informe correspondente a cada expediente, realizáronse as seguintes actuacións:

1. Solicitud dos expedientes á Unidade xestora e dos mandamentos de pago e documentación xustificativa ao Servizo de Contabilidade: En todos os casos, os departamentos requiridos remitiron de inmediato a documentación solicitada.



INTERVENCIÓN

2. Programación das visitas aos distintos beneficiarios e comunicación individualizada de inicio de actuacións, fixando a data e hora na que se produciría a comparecencia dos actuarios nas dependencias da entidade. A esta comunicación achégase unha folla na que de xeito sucinto se recollen os dereitos e deberes dos beneficiarios. Pola parte deste persoal actuario sempre se mantivo a máxima dispoñibilidade para o cambio de hora e de día das actuacións, de xeito que os representantes das entidades beneficiarias poidesen conciliar a atención da comparecencia coas súas obrigas laborais e persoais. Deste xeito, nalgúns casos as actuacións foron realizadas en horario de tarde e, nun expediente, a actuación foi realizada un sábado, tal como se fixo constar nas dilixencias incorporadas aos expedientes respectivos.

3. Na comparecencia, o persoal actuario procedeu á revisión e análise da documentación facilitada polos representantes das entidades, debidamente acreditada a súa personalidade e representación: CIF, estatutos, Libro de socios, Libros e rexistros contábeis, facturas e demais xustificantes, extractos bancarios e calquera outro documento relevante para a comprobación formal. Asemade, no caso de subvencións para investimentos, verificouse a efectiva existencia física dos mobles, equipos informáticos, equipos industriais, obras de acondicionamento, rehabilitación, mellora, etc., reflectindo todos os datos relevantes na dilixencia de comparecencia que se estendeu por duplicado e foi asinada polo representante e polos actuarios, entregándolle sempre unha copia ao representante e outra foi incorporada ao expediente respectivo. Cómpre salientar que ao inicio da actuación, infórmase aos interesados de todos os seus dereitos, incluído o de expresarse en calquera dos idiomas oficiais na nosa Comunidade autónoma, redactándose a dilixencia no elexido polo interesado.

4. Requirimentos realizados aos propios beneficiarios da subvención: Cando no momento da comparecencia non se puido acreditar algún extremo, sempre se deixou constancia desta circunstancia e requiríuse ao representante para que aportase á Intervención o documento ou documentos correspondentes.



INTERVENCIÓN

5. Requirimentos realizados a terceiros relacionados cos beneficiarios: Na meirande parte dos expedientes, para acreditar a regularidade e realidade dalgunha operación (compras, prestacións de servizos), fíxose necesario requirir aos terceiros que realizaron tal prestación, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 38/2003. Con carácter xeral, os terceiros requiridos veñen contestando no prazo establecido, achegándonos a información solicitada. Nalgúns casos, para acreditar a veracidade desta información por un terceiro alleo a relación cliente-proveedor, tamén se solicita información á Axencia Tributaria para comprobar se a operación se declarou no Modelo 347 (se o importe supera os 3005,00 euros) e mesmo a entidades financeiras.
6. Emisión de informes de control financeiro provisionais ou definitivos: Rematadas as actuacións de comprobación, emitíuse un informe de control financeiro para cada expediente. Cando na conclusión do informe se ten proposto a procedencia de reintegro parcial ou total ou a presunta comisión dunha infracción, dito informe foi emitido con carácter provisional, dándolle ao beneficiario un prazo de quince días para que presentase as alegacións e documentos que estimase convinte. Nos demais casos de informes favorábeis ou con observacións formais, pero sen obriga de reintegro nin proposta de expediente sancionador, o informe foi emitido xa con carácter definitivo.
7. Comunicación e notificación dos informes: Os informes provisionais foron notificados á entidade beneficiaria, para os efectos da posible presentación de alegacións. E os informes definitivos foron comunicados ás unidades xestoras e notificados aos beneficiarios.
8. Coa conclusión das actuacións, os expedientes foron devoltos ás unidades xestoras e a documentación contable ao Servizo de contabilidade (agás nos expedientes en trámite, cuxa documentación será devolta unha vez finalizadas as actuacións).
9. En virtude das conclusións dos informes, o propio Negociado de Control financeiro e Auditoría ten asumida a tramitación dos expedientes de reintegro e sancionadores, actuando como instructora dos mesmos a Xefa de Negociado, Dona Elisa Zas Prieto, e como secretaria a técnico de xestión tributaria Dona Natalia Souto Iglesias. Durante o este ano 2014 foron incoados e tramitados os correspondentes expedientes de reintegro e, no seu caso, expedientes sancionadores. En total, no exercicio 2014 tramitaronse 36 expedientes de reintegro e 45 expedientes sancionadores (ademais dos correspondentes a este plan de auditorías, o Negociado asumíu os expedientes pendentes de tramitar de exercicios anteriores, pois a partir de abril de 2013 as Unidades xestoras deixaron de tramitar ditos expedientes).





V) LEXISLACIÓN APLICÁBEL:

Tanto para a emisión de cada un dos informes particulares, como para o resumo de resultados e recomendacións que se exporán nos apartados seguintes, seguindo o procedemento e técnicas de auditoría establecidas nas **Normas de Auditoría do Sector Público aprobadas por resolución do Interventor Xeral da Administración do Estado e publicadas no BOE de 30 de setembro de 1998**, tomouse en consideración a seguinte normativa:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, modificada entre outras pola Lei 27/2013, de Reforma e Sustentabilidade da Administración Local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, do 4 de marzo.
- Bases de execución dos orzamentos da Deputación Provincial do 2010 e 2011.
- Lei 35/2006, do 25 de novembro, reguladora do Imposto sobre a renda das persoas físicas (no seu caso, texto refundido aprobado por Real decreto 3/2004, do 5 de marzo) e Real decreto 439/2007, de 31 de marzo, polo que se aproba o Regulamento deste imposto.
- Lei 37/1992, do 29 de decembro, reguladora do Imposto sobre o valor engadido e Regulamento que a desenvolve aprobado por Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro.
- Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito á asociación.
- Lei 12/2006, de 1 de decembro, de fundacións de interese galego)
- Lei 5/2012, do 22 agosto, do Deporte de Galicia.
- Lei 9/1993, do 8 de xullo, de confrarías de pescadores de Galicia e Decreto 261/2002, do 30 de xullo, polo que se aproban as normas reguladoras das confrarías de pescadores e as súas federacións.





VI) RESULTADOS DO CONTROL FINANCEIRO: INFORMES FAVORÁBEIS, PRINCIPAIS OBSERVACIÓNS FORMAIS E MATERIAIS, CON OU SEN CONSECUCENCIA SANCIONADORA, QUE PODEN DAR LUGAR OU NON A PROPOSTA DE REINTEGRO PARCIAL OU TOTAL.

Sen prexuízo dos resultados individualizados de cada informe de control financeiro, tal como se recollen de forma sucinta no cadro demostrativo que se achega como Anexo I, cómpre salientar de xeito resumido os informes favorábeis emitidos, as observacións ou, no seu caso, incumprimentos formais e as observacións ou, no seu caso, incumprimentos materiais.

Nalgúns casos o incumprimento formal só ten o carácter de observación dunha irregularidade documental ou contábel, pero sen consecuencia sancionadora. Agora ben, cando dito incumprimento está recollido de forma clara e indubitada como unha acción ou omisión tipificada como infracción administrativa na Lei 38/2003 xeral de subvencións, tense proposto a incoación de expediente sancionador.

Con independencia do carácter típico das accións ou omisións detectadas, cando asemade se evidencia un incumprimento material, ao non terse acreditado a aplicación dos fondos ao obxecto para o que a subvención foi concedida, ou un erro na conta xustificativa, ao non considerarse gasto subvencionábel algún concepto incluído polos beneficiarios, ou ben por un exceso de financiamento da actividade, tales feitos dan lugar a proposta de reintegro total ou parcial. Ao importe a reintegrar deberanse engadir os xuros de demora devengados desde o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro (artigo 37 da Lei 38/2003). Nestes casos tamén se propón simultaneamente a incoación de procedemento sancionador, ao existir a posibilidade polo menos dunha presunta infracción leve consistente na presentación dunha conta xustificativa inexacta ou incompleta.

A) INFORMES FAVORÁBEIS:

Nos casos en que se emitíu informe favorábel, os actuarios atopamos unha información contábel que reflicte e recolle correctamente todas as operacións realizadas para a realización da actividade ou investimento. Ademais os movementos bancarios estaban conciliados con dita información e a través dos mesmos ou de outros documentos fehacientes quedou acreditado o pagamento efectivo aos terceiros que entregaron bens ou prestaron servizos no desenvolvemento da actividade ou na realización do investimento.





Por outra banda, da información contábel e da documentación analizada quedou acreditado que o conxunto dos ingresos no superaron o gasto efectivo realizado.

Dos 136 expedientes concluídos ata este momento, recibiron este informe favorable 67, o que representa o 49 por cento.

B) OBSERVACIÓNS FORMAIS.

1º.- Os Libros e rexistros contábeis:

Como se puxo de manifesto nos informes emitidos nos anos anteriores, dos expedientes analizados, pódese dicir que a incidencia negativa maiormente observada é a relativa ás deficiencias contábeis. Non obstante, agora as deficiencias céntrase maiormente en apuntes concretos, xa que practicamente todas as entidades contan cuns libros ou polo menos algún rexistro contábel. Neste sentido, unha vez máis pódese afirmar que o labor de formación realizado pola Deputación nos cursos impartidos xerou unha maior responsabilidade e mellor coñecemento da normativa fiscal e contábel polo persoal directivo das entidades beneficiarias.

Cando, a pesar das deficiencias contábeis detectadas, se pode facer unha integración da información económico-financeira da entidade coa restante documentación aportada (principalmente, cos movementos de tesourería a través de bancos) emítese un informe no que se achega unha consideración explicativa do seguinte tenor:

“Consonte ao disposto no artigo 14 da Lei orgánica 1/2002, as asociacións deben levar unha contabilidade, segundo as normas específicas que lles resulten de aplicación, que permita obter a imaxe fiel do seu patrimonio, do resultado e da situación financeira da entidade, así como un inventario dos seus bens

Por outra banda, o artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, establece, entre as obrigas de todos os beneficiarios de subvencións, a de dispor de libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos, nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso.

Polo tanto, para que os rexistros contábeis cumpran coas esixencias legais, deben cumprir, polo menos, os seguintes requisitos:





- *Recoller, por orde cronolóxica e seguindo o principio de uniformidade, todos os feitos con transcendencia contábel (ingresos, gastos, cobros, pagos, movementos de tesourería, altas e baixas de bens inventariables). Os movementos de tesourería deben estar conciliados cos movementos bancarios e deberase explicar ao final de cada exercicio as diferencias existentes entre o saldo contábel e o saldo real e as súas causas.*
- *Determinar ao final de cada exercicio contábel o resultado económico (déficit, superávit) e a composición do patrimonio da entidade, pondo de manifesto as alteracións producidas no inventario de bens e dereitos. As contas que incorporen o resultado e a composición do patrimonio terán que ser aprobadas pola asemblea de socios, na sesión ordinaria anual, deixando constancia na acta que para tal efecto se estenda. Recoméndase que se incorporen ao texto da acta as principais magnitudes (ingresos e gastos totais, resultado económico, variacións do inventario, etc.).*
- *Tanto os libros ou rexistros contábeis, como os estados nos que se recolla o resultado do exercicio deben estar asinados polos membros da directiva que exerzan a presidencia, a secretaría e a tesourería da entidade, para darlles deste xeito o carácter de documentos auténticos sobre os que estes membros da directiva asumen a responsabilidade propia do seu cargo. A falla de sinatura conleva a falla de autenticidade e de asunción de responsabilidade, polo que os actuarios, no exercicio da función auditora, non poden obter a evidencia razoable de que estes rexistros reflecten a imaxe fiel do patrimonio. Todo isto sen prexuízo de que a as contas anuais se depositen, no seu caso, no Rexistro mercantil ou noutro rexistro, para que desde dita data produzan plenos efectos fronte a terceiros, consorte ao disposto no artigo 1.227 do Código Civil.*

Xa que logo, instase ao persoal directivo da entidade a que cumpra no sucesivo con estes requirimentos formais mínimos, asumindo a responsabilidade contábel inherente aos seus cargos”

Para o cumprimento destes requisitos, a aplicación informática nomeada “Conta doada” e a súa posta a disposición para todas as entidades desde a nosa páxina web “dicatoruna.es”, estalles a facilitar aos beneficiarios de subvencións a levanza da contabilidade dos ingresos e gastos das entidades. Desde a súa posta en funcionamento, desde a Intervención organizáronse varios cursos nos que se explicou detalladamente o funcionamento e aplicación práctica deste sinxelo programa informático. Aínda así, recibíronse numerosas consultas sobre o funcionamento deste aplicativo e mesmo se ten solicitado por algúns usuarios a impartición de máis cursos formativos.

Do total de expedientes tramitados ata este momento, téñense emitido informes con estas consideracións (informe definitivo sen obriga de reintegro) en nove casos





2º.- As observacións ao respecto da normativa fiscal:

Como xa se ten comentado nos informes anteriores, outra das irregularidades detectadas, no ámbito aínda formal, é a falla da práctica de retención a conta do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas nos pagos realizados a monitores de actividades, a conferenciantes ou a determinados profesionais que prestaron servizos para a realización das actividades subvencionadas.

Como xa sucedera nos plans de control financeiro realizados en anos anteriores, tamén se detectou en varios expedientes que a entidade respectiva beneficiaria considerou o IVE soportado como gasto subvencionábel, malia que logo o deduce ao presentar as liquidacións trimestrais. Nestes expedientes, tense proposto o reintegro parcial, tendo en conta o exceso de gasto declarado con respecto ao que efectivamente se contabilizou como tal.

Agora ben, cada ano que pasa obsérvase un mellor cumprimento da normativa fiscal, tanto no tocante ás retencións practicadas como a non inclusión do IVE soportado como gasto subvencionábel cando logo se deduce na correspondente liquidación.

3º.- Outros ingresos ou subvencións percibidas para a realización da actividade:

Tal como establece o artigo 19.3 da Lei xeral de subvencións, as bases de cada convocatoria e o texto tipo dos convenios que instrumentan subvencións nominativas, os beneficiarios de subvencións están obrigados a presentar unha declaración doutras axudas ou subvencións percibidas para a realización da actividade ou investimento, de xeito que o conxunto das axudas, sexan públicas ou privadas, non poida superar en ningún caso o custo da execución daquela.

A través do exame da contabilidade e das operacións bancarias realizadas, púidose comprobar que algunhas entidades non tiñan declarado outras axudas ou ingresos recibidos para a mesma finalidade da subvención pagada, polo que se recalculou de novo o importe da subvención a percibir, dándoselles sempre a posibilidade de aportar máis xustificantes de gasto para manter o principio de prohibición de superávit do artigo 19.3 da Lei 38/2003. E, naqueles casos que non se puido aportar máis xustificación de gasto, rematouse o expediente con proposta de reintegro parcial ou, no seu caso, total, e de incoación de expediente sancionador pola presunta comisión dunha infracción grave.



Ás veces, naqueles expedientes no que o obxecto da subvención concedida é moi xenérico, resulta de difícil interpretación se existe ou non concorrencia doutros ingresos coa aportación provincial. Nestes casos, cando na tramitación do expediente ou nas alegacións realizadas pola entidade beneficiaria se introduce unha dúbida razoable verbo desta concorrencia, optouse por aceptar que dita concorrencia non se produce. Para evitar esta difícil interpretación que lle corresponde a realizar polo persoal actuario, sería desexable que nas subvencións que se outorguen no futuro, se dermine e concrete con claridade o obxecto da subvención, tal como xa se recomendou nos informes emitidos en exercicios anteriores.

4º.- A documentación que xustifica a efectiva realización dos pagamentos:

Na comunicación que se fixo a todas as entidades para o inicio das actuacións de control financeiro, pedíase, entre outra documentación, a presentación aos actuarios de documentación fehaciente que acreditase o pagamento efectivo aos terceiros que expediron as correspondentes facturas ou documentos xustificativos do gasto.

A comprobación deste extremo resultou moi doada naquelas entidades que utilizaron como medio de pago a transferencia bancaria ou o cheque nominativo, pois non dous casos quedaba reflectido o correspondente pago no extracto bancario que se nos presentou.

Noutros casos o pago realizouse en metálico, existindo asemade un xustificante ou "recibi" asinado polo terceiro ou mesmo unha declaración deste extremo realizada sobre a propia factura. Ademais, cando existían apuntes contábeis por orde cronolóxica, resultou posíbel, aínda que ás veces despois dun traballo minucioso, conciliar a contabilidade cos pagamentos realizados, resultando desta conciliación unha información coherente e fiábel para os actuarios.

O pagamento en metálico, tal como está previsto nas Bases aplicables ás subvencións pagadas no 2012, foi considerado como unha acción que da lugar a unha infracción leve, tal como se tipifica no artigo 56 c) da Lei de subvencións: "o incumprimento das obrigas formais que, non estando previstas de forma expresa no resto de parágrafos deste artigo, sexan asumidas como consecuencia da concesión da subvención, nos termos establecidos regulamentariamente"





Nun expediente en concreto detectouse a realización do pagamento da factura que serviu de xustificante da subvención e, simultaneamente, a devolución da cantidade pagada a favor da entidade beneficiaria da subvención. Dita devolución tratou de simularse a través dun contrato de préstamo outorgado pola entidade proveedora do servizo a prol da entidade beneficiaria da subvención, pero dado que non existía documentación con valor probatorio suficiente, entendouse que dito contrato non tiña causa e simplemente era unha simulación para encubrir a ausencia de pago da factura. O expediente rematou co reintegro total da subvención concedida e a apreciación da presunta comisión dunha infracción moi grave.

5º.- A resistencia ou negativa ás actuacións de control financeiro.

En dous expedientes tramitados polo procedemento abreviado non houbo colaboración ningunha por parte das entidades beneficiarias, dado que logo de remitir varios requirimentos, nin contestaron nin achegaron a documentación solicitada. Por tanto, téndose apreciado resistencia, excusa ou negativa ás actuacións de control financeiro, concluíndose co reintegro total da subvención percibida e coa apertura de expediente sancionador por infracción moi grave.

6º.- As operacións vinculadas.

Consonte ao disposto no artigo 29.7 da LXS, a entidade beneficiaria non pode concertar os contratos para a realización das actividades ou investimentos con persoas vinculadas (estando desenvolto o alcance da vinculación no artigo 69 do Regulamento), a non ser que se autorice expresamente dita operación pola Administración subvencionante, unha vez que se acredite que a mesma está pactada en condicións normais de mercado.

Pois ben, en tres expedientes foron detectadas operacións desta natureza, que non tiñan sido autorizadas previamente por esta Deputación, polo que os gastos devengados nestas operacións non foron considerados subvencionables, dando lugar no seu caso a un reintegro total ou parcial. conculcando dita prohibición,



C) OBSERVACIÓNS MATERIAIS.

1º.- A falla de realización do investimento subvencionado.

Nun expediente de subvención concedida a un club deportivo para a adquisición dun equipamento informático, a través da comprobación material quedou acreditado que o equipamento exhibido non se correspondía co que figuraba na factura e que a mesma fora pagada por un dos socios da entidade, sen que se tivera producido o reembolso de fondos con cargo á entidade. Ante esta evidencia, considerouse que os fondos recibidos non foran destinados á finalidade para a que subvención foi concedida, polo que se ten proposto o reintegro total do importe percibido, así como a incoación de expediente sancionador pola presunta comisión dunha infracción moi grave pola non aplicación da cantidade recibida á finalidade para que a subvención foi concedida (artigo 58 b, da LXS).

VII) PROPOSTAS DE ACTUACIÓN

Á vista das observacións e, no seu caso, incumprimentos formais expostos no apartado anterior, coa finalidade de que se poidan correxir para o futuro estas debilidades, as persoas actuarias realizamos de seguido as seguintes recomendacións e propostas de actuación.

1º.- O mantemento das medidas preventivas xa tomadas no momento actual: pago por medios bancarios e fixación de prazo para o pagamento a terceiros.

Estas medidas foron propostas xa en informes anteriores e actualmente están incorporadas á normativa reguladora das subvencións provinciais (Bases de Execución do Orzamento, bases reguladoras das convocatorias e modelos tipo de convenios para a instrumentar subvencións nominativas), polo que se recomenda que se sigan aplicando, dado que teñen producido un efecto moi positivo no axeitado control dos fondos públicos provinciais.





Así, de acordo coas Bases de Execución para o ano 2014, para as subvencións que se concedan a partir do día 1 de xaneiro, só se considerará gasto subvencionable o que efectivamente estea pagado por medios bancarios, non admitíndose xa o pago en metálico aos efectos de que que o gasto poida ser subvencionable.

2º.- A concreción do obxecto na concesión de subvencións:

Como xa se ten exposto, cando o obxecto da subvención concedida é moi xenérico, fai falla un labor interpretativo na discriminación doutros ingresos como non concurrentes. Así, nos expedientes nos que se define o obxecto como "actividades ano N", "deporte federado ano N", "actividades culturais", resulta que tal obxecto coincide realmente con toda a actividade que desenvolve a entidade beneficiaria, de xeito que tódolos ingresos que recibe son concurrentes co financiamento provincial, nos termos previstos no artigo 19 da Lei de subvencións.

Dada a situación exposta, convén que nas concesións de subvencións que se acorden a partir de agora se concrete no obxecto o alcance do financiamento provincial, determinando cáles e qué tipo de actividades se subvencionan ou qué modalidade ou categoría de deporte.

3º.- A elaboración e aprobación dunha Ordenanza para regular o exercicio do control financeiro de subvencións e as súas consecuencias.

Tanto no procedemento de control financeiro coma na tramitación posterior dos expedientes de reintegro e sancionadores, os funcionarios que desenvolvemos estas actuacións temos analizado determinadas situacións e feitos que, ás veces, teñen difícil encaixe na regulación das subvencións establecida con carácter xeral na Lei xeral de Subvencións e no seu regulamento de desenvolvemento, así como na Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia (que na súa meirande parte reproduce literalmente o contido da Lei xeral de Subvencións).

Pola razón exposta, consideramos necesario que o Pleno da Corporación, no exercicio da súa potestade regulamentaria, aprrobe unha Ordenza na que se poidan regular, entre outros, os seguintes extremos:

- Desenvolvemento do procedemento de control financeiro, regulando con detalle todos os seus trámites e incidencias.



- Desenvolvemento do procedemento de reintegro.
- No marco da descrición das infraccións legais, regulación máis detalladas das condutas infractoras e das sancións que deben aplicarse, coa fixación de criterios axeitados para a súa graduación.

Con tal finalidade, de aprobarse esta proposta, neste Negociado prepararase un texto para que, unha vez que reciba os informes preceptivos, poida ser presentado perante o Pleno da Corporación no primeiro trimestre do ano 2015.

4º.- Posibilidade de que os concellos e outras entidades locais da Provincia poidan delegar o exercicio do control financeiro na Deputación Provincial.

Logo da experiencia acadada no exercicio do control financeiro desde o ano 2006 e unha vez que se ten creado na Área de Intervención un Negociado de control financeiro e auditoría, o equipo de funcionarios que vimos desenvolvendo este labor consideramos que poidera resultar moi útil e necesario para os concellos que integran a Provincia a posibilidade de que poidan delegar as actuacións de control financeiro, ben sexa sobre as subvencións que eles conceden ou ben sobre determinados servizos públicos xestionados indirectamente (como se está a facer na Deputación co servizo público Teatro Colón). Deste xeito, ademais de cumprir cun dos fins das deputacións (asistencia xurídica, económica e técnica aos municipios), tamén se podería realizar un control efectivo sobre os fondos públicos que se asignan polos concellos en dous ámbitos moi importantes da súa actuación: a prestación de servizos públicos e o fomento.

No caso de que o Pleno aprobe esta proposta de actuación, desde este Negociado elaboraríamos unha proposta de acordo, moi similar ao existente no ámbito da xestión tributaria e recadatoria, no que se fixen as bases das futuras delegacións, así como o modelo de acordo a adoptar polas corporacións municipais interesadas.

Como nota final neste apartado, é importante salientar que, fóra do noso ámbito provincial, son varias as entidades locais que levan a cabo as tarefas de control financeiro mediante o outorgamento de contratos de servizos con empresas de auditoría, ao abeiro da posibilidade prevista na Disposición adicional cuarta da Lei 38/2003. Non obstante, malia a existencia de tal





INTERVENCIÓN

posibilidade e existindo crédito axeitado e suficiente para tal fin, desde a Intervención provincial sempre se considerou que a realización destas funcións, nas que hai actos que implican exercicio de autoridade, eran unha actividade propiamente administrativa e, ademais, ao ser exercida por funcionarios, queda mellor garantida a obxectividade e imparcialidade das actuacións.

5º.- Plan de control financeiro sobre as subvencións pagadas ao longo do exercicio 2013.

a) Número de expedientes a tramitar e tipos de procedementos:

As subvencións pagadas no ano 2013 proceden, na súa meirande parte, das concedidas nos anos 2011 e 2012, con cargo ás convocatorias aprobadas en ditos exercicios (agás algunhas tramitadas a través de convenios). Nas mesmas, tense establecido con carácter xeral a presentación de conta xustificativa simplificada, sen aportar xustificantes de gasto, tal como permite o artigo 75 do Regulamento. Esta circunstancia engade un factor de risco moi importante, posto que cando se presentan os xustificantes de gasto na Intervención son abondosas as irregularidades atopadas nos mesmos (facturas incompletas, non aplicación e esixencia do IVE, non aplicación de retencións, dietas ou indemnización por desprazamentos superiores ao límite fiscal para ser consideradas rentas exentas, etc.

Por outra banda, tamén nas subvencións concedidas ao abeiro das convocatorias de 2008 foi cando se empezou a esixir nas Bases correspondentes que o pago quedase documentado por medios bancarios (transferencia, cheque nominativo, tarxeta de crédito ou débito), agás os pagos por un importe inferior a 150 euros. Esta medida, sen dúbida ningunha, introduciu un maior rigor na correcta aplicación dos fondos públicos percibidos, posto que a factura exhibida terá sempre o seu correlativo movemento bancario na conta da entidade beneficiaria. Pero a aplicación da mesma, como se puxo de manifesto anteriormente, necesita ser verificada no exercicio do control financeiro.

Tendo en conta as circunstancias expostas, convén manter o número de expedientes que deben ser sometidos a control financeiro (arredor de 175), así como a porcentaxe sobre o total. Agora ben, ao adaptar o sistema simplificado de presentación de conta xustificativa, hai un trámite de mera comprobación formal dos xustificantes de gasto previsto no citado artigo 75.3 do Regulamento, no que se dispón literalmente:

" El órgano concedente comprobará, a través de las técnicas de muestreo que se acuerden en las bases reguladoras, los justificantes que estime oportunos y que permitan obtener evidencia razonable sobre la adecuada aplicación de la subvención, a cuyo fin podrá requerir al beneficiario la remisión de los justificantes de gasto seleccionados."





Deputación
DA CORUÑA

INTERVENCIÓN

Xa que logo, dentro da mostra seleccionada, propónse facer dous grupos para os efectos do procedemento de control a seguir control:

PRIMEIRO GRUPO: EXPEDIENTES CON TRAMITACIÓN ORDINARIA (PO)

Neste quedarían todos os expedientes nos que se fai necesario manter os trámites de control con dilixencia de comparecencia, análise da contabilidade e, no seu caso, comprobación material do investimento realizado.

SEGUNDO GRUPO: EXPEDIENTES CON TRAMITACIÓN ABREVIADA (PA).

Tódolos demais expedientes, nos que o importe da subvención non supere os 3.000 euros e que se refiran ao financiamento de gastos correntes ou noutros que, da documentación aportada coa xustificación se deduza unha evidencia razoábel da correcta aplicación dos fondos á finalidade para a que foi concedida a subvención. Nestes supostos, que serán valorados en cada caso polo Interventor adxunto, propónse que se incoen con requirimento para que a entidade remita á intervención orixinal ou unha copia compulsada dos xustificantes de gasto e o orixinal ou copia compulsada do documento que acredite o pagamento a través dun medio bancario.

Se, á vista da documentación recibida, os actuarios obtemos unha evidencia razoábel de que os fondos públicos foron correctamente aplicados, procederemos á comprobación de posíbel existencia doutras subvencións para a mesma finalidade, mediante a comprobación na Base de Datos Nacional de Subvencións e mediante requirimentos enviados aos órganos competentes da Xunta de Galicia e do concello respectivo. Recibida a contestación aos requirimentos, realizarase xa o informe de control financeiro. Agora ben, se das comprobacións documentais realizadas, se pode inducir algunha irregularidade, o actuario responsábel poderá propor a transformación do expediente abreviado en ordinario, para os efectos dun control exhaustivo, con comparecencia e exame dos libros contábeis da entidade.





INTERVENCIÓN

Con independencia do tipo de expediente a tramitar e tal como xa se estableceu na proposta aprobada polo Pleno na sesión que tivo lugar o día 26 de marzo de 2010, cando na conclusión deste expediente se poña de manifesto unha irregularidade que dea lugar a un reintegro total ou parcial e que puido ter sido cometida pola entidade beneficiaria en exercicios anteriores, logo de facer constar esta circunstancia nunha consideración específica do informe definitivo, a Presidencia poida ditar unha resolución pola que se acorde a ampliación do procedemento de control a tódolas subvencións percibidas pola entidade beneficiaria sobre as que non teña producido efectos a prescripción de accións.

b) O universo, criterios de escolleita e mostra dos expedientes:

Despois da experiencia acadada nos derradeiros anos, entre todas as entidades beneficiarias de subvencións sometidas á control financeiro, tense detectado que as pertencentes ao sector deportivo constitúen un grupo especial de risco, debido especialmente á diversidade de fontes de financiamento coas que contan (patrocinios, publicidade, subvencións de distintas administracións públicas, etc.) e, por outra banda, porque se siguen a realizar pagos sen xustificar documentalmente e polo que ás veces non se tributa (opacidade fiscal). Así, para que sirva de exemplo, pódese tomar como referencia este derradeiro plan de auditorías sobre as subvencións pagadas no exercicio 2012, no que se atoparon irregularidades en 14 das 18 entidades controladas (78 por cento).

Pola razón exposta, propónse dividir o universo do plan nos seguintes dúas agrupacións diferenciadas:

- **AGRUPACIÓN A:** Establécese como tal os 1.163 expedientes que deron lugar aos pagos realizados á entidades privadas no ano 2012 e que se relacionan no Anexo II (todas, agás entidades deportivas. Para estas o criterio de escolla vén determinado no seguinte cadro:

| TRAMO | INTERVALO | Nº EXPEDIENTES DO TRAMO | PORCENTAXE DE CONTROL (%) | Nº DE EXPEDIENTES A CONTROLAR |
|--------|-----------|-------------------------|---------------------------|-------------------------------|
| 1º | 1-10 | 10 | 50 | 5 |
| 2º | 11-110 | 100 | 25 | 25 |
| 3º | 111-650 | 540 | 10 | 54 |
| 4º | 651-1163 | 513 | 5 | 25 |
| TOTAL: | | | | 109 |





INTERVENCIÓN

- **AGRUPACIÓN B:** Integran esta segunda agrupación as 475 entidades deportivas que cobraron unha subvención de importe igual ou superior a 600 euros no ano 2013.

| TRAMO | INTERVALO | Nº EXPEDIENTES DO TRAMO | PORCENTAXE DE CONTROL (%) | Nº DE EXPEDIENTES A CONTROLAR |
|--------|-----------|-------------------------|---------------------------|-------------------------------|
| 1º | 1-10 | 10 | 50 | 5 |
| 2º | 11-110 | 100 | 25 | 25 |
| 3º | 111-475 | 365 | 10 | 36 |
| TOTAL: | | | | 66 |

Con estes criterios de selección, de seren aprobados polo Pleno, a mostra incluíría 175 expedientes, sendo ao noso xuízo o suficientemente representativa para garantir un axeitado cumprimento legal e extraer conclusións que poidan extrapolarse ao conxunto da acción de fomento provincial.

A escolla dos expedientes realizarase ao chou, sobre a listaxe que se incorpora como anexo, seguindo a regra da aleatoriedade simple, en presenza do Secretario xeral da Corporación, que dará fe do acto estendendo a correspondente acta.

Este é o noso informe, que emitimos no cumprimento do acordado polo Pleno da Corporación.

A Coruña, 10 de Decembro de 2014.

O XEFE DE SECCIÓN DE CONTROL II,

Miguel L. Pérez Boga.



O INTERVENTOR ADXUNTO,

Juan Bautista Suárez Ramos

Conforme,
O INTERVENTOR XERAL,

José Manuel Pardellas Rivera.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

COMISIÓN DE ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS

Reunión do 15 de decembro de 2014

Preside Don: MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS

Sras. e Sres. Deputados: ZAIRA RODRÍGUEZ PÉREZ, MANUEL TABOADA VIGO (en substitución de José Dafonte Varela), CARLOS LÓPEZ CRESPO, MANUEL COSTA CARNEIRO, MIGUEL DE SANTIAGO BOULLON, MATILDE BEGOÑA RODRÍGUEZ RUMBO (en substitución de Salvador Fernández Moreda), MONTSERRAT GARCÍA CHAVARRÍA, M^a DEL CARMEN VARELA CORBELLE (en substitución de Antonio Leira Piñeiro), SILVIA SEIXAS NAIA, ADOLFO MUÍÑOS SÁNCHEZ(en substitución de Xesus Manuel Soto Piñeiro).

Presentes Sras. e Sres.: JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA (Interventor Xeral); AMPARO C. TABOADA GIL (Oficial Maior) e JUAN BAUTISTA SUAREZ RAMOS (Interventor adxunto).

Secretaria D^a.: M^a JOSÉ VÁZQUEZ SESMONDE

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA
PLENO

Aprobado en Sesión... *ordinaria*...
celebrada a día... *19* de
... *decembro* de *2014*...

CUMPLASE
 Presidente

Secretario



INFORME FINAL DO PLAN DE AUDITORÍAS DAS SUBVENCIÓNS ABOADAS NO EXERCICIO 2012 E PROPOSTA DE ACORDO PARA O PLAN DE CONTROL FINANCEIRO DAS SUBVENCIÓNS ABOADAS NO EXERCICIO 2013

Esta comisión adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar todas as propostas de actuación realizadas no informe da Intervención, dado que a meirande parte das mesmas xa están incorporadas ás Bases de Execución de 2015; pero, en particular, as dúas medidas novidosas que seguidamente se citan:

- En primeiro lugar, que nesa Área se leven a cabo os traballos necesarios e se impulsen os expedientes para a presentación perante o Pleno **dunha Ordenanza reguladora do procedemento de control financeiro de subvencións, reintegros e sancións.**
- En segundo lugar, que se preparen os acordos necesarios **para que os concellos e demais entidades locais da Provincia poidan delegar na Deputación Provincial da Coruña o exercicio do control financeiro de subvencións e dos servizos públicos xestionados indirectamente.**

SEGUNDO.- Dándolle cumprimento ao previsto na Base de Execución 61^a do Orzamento para o exercicio 2014, aprobar un novo Plan de auditorías con respecto ás subvencións aboadas no exercicio 2013, que cos parámetros e criterios previstos no apartado 5º do informe da Intervención, quedará do seguinte xeito:

- a) Número de expedientes a tramitar e tipos de procedementos:

Exercerase o control financeiro sobre 175 expedientes, dividíndose para os efectos de tramitación en dous tipos de actuacións:

PRIMEIRO GRUPO: EXPEDIENTES CON TRAMITACIÓN ORDINARIA (PO):

Este grupo estará formado por todos os expedientes nos que se fai necesario manter os trámites de control con dilixencia de comparecencia, análise da contabilidade e, no seu caso, comprobación material do investimento realizado.

SEGUNDO GRUPO: EXPEDIENTES CON TRAMITACIÓN ABREVIADA (PA):

Tódolos demais expedientes, nos que o importe da subvención non supere os 3.000 euros e que se refiran ao financiamento de gastos correntes ou noutros que, da documentación aportada coa xustificación se deduza unha evidencia razoábel da correcta aplicación dos fondos á finalidade para a que foi concedida a subvención. Nestes supostos, que serán valorados en cada caso polo Interventor adxunto, o expediente incoarase cun requirimento para que a entidade remita á intervención orixinal ou unha copia compulsada dos xustificantes de gasto e o orixinal ou copia compulsada do documento que acredite o pagamento a través dun medio bancario.

Se, á vista da documentación recibida, os actuarios obteñen unha evidencia razoábel de que os fondos públicos foron correctamente aplicados, procederase á comprobación de posíbel existencia doutras subvencións para a mesma finalidade, mediante a comprobación na Base de Datos Nacional de Subvencións e mediante requirimentos enviados aos órganos competentes da Xunta de Galicia e do concello respectivo. Recibida a contestación aos requirimentos, realizarase xa o informe de control financeiro. Agora ben, se das comprobacións documentais realizadas, se pode inducir algunha irregularidade, o actuario responsábel poderá propor a transformación do expediente abreviado en ordinario, para os efectos dun control exhaustivo, con comparecencia e exame dos libros contábeis da entidade.

Con independencia do tipo de expediente a tramitar e tal como xa se estableceu na proposta aprobada polo Pleno na sesión que tivo lugar o día 26 de marzo de 2010, cando na conclusión dun expediente se poñía de manifesto unha irregularidade que dea lugar a un reintegro total ou parcial e que puido ter sido cometida pola entidade beneficiaria en exercicios anteriores, propónse que, logo de facer constar esta circunstancia nunha consideración específica no informe definitivo, a Presidencia poida ditar unha resolución pola que se acorde a ampliación do procedemento de control a tódolas subvencións percibidas pola entidade beneficiaria sobre as que non teña producido efectos a prescripción de accións.

b) O universo, criterios de escolleita e mostra dos expedientes:

Despois da experiencia acadada nos derradeiros anos, entre todas as entidades beneficiarias de subvencións sometidas á control financeiro, tense detectado que as pertencentes ao sector deportivo constitúen un grupo especial de risco, debido especialmente á diversidade de fontes de financiamento coas que contan (patrocinios, publicidade, subvencións de distintas administracións públicas, etc.) e, por outra banda, porque se siguen a realizar pagos sen xustificar documentalmente e polo que ás veces non se tributa (opacidade fiscal). Así, para que sirva de exemplo, pódese tomar como referencia este derradeiro plan de auditorías sobre as subvencións pagadas no exercicio 2012, no que se atoparon irregularidades en 14 das 18 entidades controladas (78 por cento).

Pola razón exposta, propónse dividir o universo do plan nos seguintes dúas agrupacións diferenciadas:

- **AGRUPACIÓN A:** Establécese como tal os 1.163 expedientes que deron lugar aos pagos realizados á entidades privadas no ano 2013 e que se relacionan no Anexo II (todas, agás entidades deportivas). Para estas o criterio de escolla vén determinado no seguinte cadro:

| TRAMO | INTERVALO | Nº EXPEDIENTES DO TRAMO | PORCENTAXE DE CONTROL (%) | Nº DE EXPEDIENTES A CONTROLAR |
|---------------|-----------|-------------------------|---------------------------|-------------------------------|
| 1º | 1-10 | 10 | 50 | 5 |
| 2º | 11-110 | 100 | 25 | 25 |
| 3º | 111-650 | 540 | 10 | 54 |
| 4º | 651-1163 | 513 | 5 | 25 |
| TOTAL: | | | | 109 |

- **AGRUPACIÓN B:** Integran esta segunda agrupación as 475 entidades deportivas que cobraron unha subvención de importe igual ou superior a 600 euros no ano 2013. (Anexo III)

| TRAMO | INTERVALO | Nº EXPEDIENTES DO TRAMO | PORCENTAXE DE CONTROL (%) | Nº DE EXPEDIENTES A CONTROLAR |
|---------------|-----------|-------------------------|---------------------------|-------------------------------|
| 1º | 1-10 | 10 | 50 | 5 |
| 2º | 11-110 | 100 | 25 | 25 |
| 3º | 111-475 | 365 | 10 | 36 |
| TOTAL: | | | | 66 |

Con estes criterios de selección, a mostra incluírá 175 expedientes, sendo a xuízo da Intervención o suficientemente representativa para garantir un axeitado cumprimento legal e extraer conclusións que poidan extrapolarse ao conxunto da acción de fomento provincial.

A escolla dos expedientes realizarase ao chou, sobre a listaxe que se incorpora como anexo, seguindo a regra da aleatoriedade simple, en presenza do Secretario xeral da Corporación, que dará fe do acto estendendo a correspondente acta.

Este acordo aprobouse por unanimidade.

O presidente,



Manuel Santos Ruiz Rivas

A secretaria,



Mª José Vázquez Sesmonde


DON JOSÉ LUIS ALMAU SUPERVÍA, SECRETARIO XERAL DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

CERTIFICA: Que o Pleno da Deputación Provincial da Coruña na sesión plenaria ordinaria celebrada o dezanove de decembro de dous mil catorce adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“64.-INFORME FINAL DA EXECUCIÓN DO PLAN DE AUDITORÍAS SOBRE AS SUBVENCIÓNS PAGADAS NO EXERCICIO 2012 E PROPOSTA DE PLAN DE AUDITORÍAS PARA AS SUBVENCIÓNS PAGADAS NO EXERCICIO 2013.

PRIMEIRO.- Aprobar todas as propostas de actuación realizadas no informe da Intervención, dado que a meirande parte delas xa están incorporadas ás Bases de Execución de 2015, pero, en particular, as dúas medidas novidosas que seguidamente se citan:

- En primeiro lugar, que nesa Área se leven a cabo os traballos necesarios e se impulsen os expedientes para a presentación ante o Pleno dunha Ordenanza reguladora do procedemento de control financeiro de subvencións, reintegros e sancións.
- En segundo lugar, que se preparen os acordos necesarios para que os concellos e demais entidades locais da provincia poidan delegar na Deputación Provincial da Coruña o exercicio do control financeiro de subvencións e dos servizos públicos xestionados indirectamente.



SEGUNDO.- Dándolle cumprimento ao previsto na Base de execución 61ª do Orzamento para o exercicio 2014, aprobar un novo Plan de auditorías con respecto ás subvencións aboadas no exercicio 2013, que cos parámetros e criterios previstos no apartado 5º do informe da Intervención, quedará do seguinte xeito:

a) Número de expedientes que se ha tramitar e tipos de procedementos:

Exercerase o control financeiro sobre 175 expedientes, dividíndose para os efectos de tramitación en dous tipos de actuacións:

PRIMEIRO GRUPO: EXPEDIENTES CON TRAMITACIÓN ORDINARIA (PO):

Este grupo estará formado por todos os expedientes nos que se fai necesario manter os trámites de control con dilixencia de comparecencia, análise da contabilidade e, no seu caso, comprobación material do investimento realizado.

SEGUNDO GRUPO: EXPEDIENTES CON TRAMITACIÓN ABREVIADA (PA):

Todos os demais expedientes, nos que o importe da subvención non supere os 3.000 euros e que se refiran ao financiamento de gastos correntes ou noutros que, da

documentación subministrada coa xustificación se deduza unha evidencia razoábel da correcta aplicación dos fondos á finalidade para a que foi concedida a subvención. Nestes supostos, que serán valorados en cada caso polo interventor adxunto, o expediente incoarase cun requirimento para que a entidade remita á Intervención orixinal ou unha copia compulsada dos xustificantes de gasto e o orixinal ou copia compulsada do documento que acredite o pagamento a través dun medio bancario.

Se, á vista da documentación recibida, os actuarios obteñen unha evidencia razoábel de que os fondos públicos foron correctamente aplicados, procederase á comprobación de posíbel existencia doutras subvencións para a mesma finalidade, mediante a comprobación na Base de Datos Nacional de Subvencións e mediante requirimentos enviados aos órganos competentes da Xunta de Galicia e do concello respectivo. Recibida a contestación aos requirimentos, realizarase xa o informe de control financeiro. Agora ben, se das comprobacións documentais realizadas, se pode inducir algunha irregularidade, o actuario responsábel poderá propor a transformación do expediente abreviado en ordinario, para os efectos dun control exhaustivo, con comparecencia e exame dos libros contábeis da entidade.

Con independencia do tipo de expediente que se ha tramitar e tal como xa se estableceu na proposta aprobada polo Pleno na sesión que tivo lugar o día 26 de marzo de 2010, cando na conclusión dun expediente se poña de manifesto unha irregularidade que dea lugar a un reintegro total ou parcial e que puido cometer a entidade beneficiaria en exercicios anteriores, propónse que, logo de facer constar esta circunstancia nunha consideración específica no informe definitivo, a Presidencia poida ditar unha resolución pola que se acorde a ampliación do procedemento de control a todas as subvencións percibidas pola entidade beneficiaria sobre as que non teña producido efectos a prescrición de accións.



b) O universo, criterios de escolleita e mostra dos expedientes:

Despois da experiencia acadada nos derradeiros anos, entre todas as entidades beneficiarias de subvencións sometidas a control financeiro, detectouse que as pertencentes ao sector deportivo constitúen un grupo especial de risco, debido especialmente á diversidade de fontes de financiamento coas que contan (patrocinios, publicidade, subvencións de distintas administracións públicas, etc.) e, por outra banda, porque se seguen a realizar pagos sen xustificar documentalmente e polo que ás veces non se tributa (opacidade fiscal). Así, para que sirva de exemplo, pódese tomar como referencia este derradeiro plan de auditorías sobre as subvencións pagadas no exercicio 2012, no que se atoparon irregularidades en 14 das 18 entidades controladas (78 por cento).

Pola razón exposta, propónse dividir o universo do plan nas seguintes dúas agrupacións diferenciadas:

- **AGRUPACIÓN A:** Establécese como tal os 1.163 expedientes que deron lugar aos pagos realizados ás entidades privadas no ano 2013 e que se relacionan

no anexo II (todas, agás entidades deportivas). Para estas o criterio de escollo vén determinado no seguinte cadro:

| TRAMO | INTERVALO | Nº EXPEDIENTES DO TRAMO | PORCENTAXE DE CONTROL (%) | Nº DE EXPEDIENTES A CONTROLAR |
|---------------|-----------|-------------------------|---------------------------|-------------------------------|
| 1º | 1-10 | 10 | 50 | 5 |
| 2º | 11-110 | 100 | 25 | 25 |
| 3º | 111-650 | 540 | 10 | 54 |
| 4º | 651-1163 | 513 | 5 | 25 |
| TOTAL: | | | | 109 |

- **AGRUPACIÓN B:** Integran esta segunda agrupación as 475 entidades deportivas que cobraron unha subvención de importe igual ou superior a 600 euros no ano 2013. (anexo III)

| TRAMO | INTERVALO | Nº EXPEDIENTES DO TRAMO | PORCENTAXE DE CONTROL (%) | Nº DE EXPEDIENTES A CONTROLAR |
|---------------|-----------|-------------------------|---------------------------|-------------------------------|
| 1º | 1-10 | 10 | 50 | 5 |
| 2º | 11-110 | 100 | 25 | 25 |
| 3º | 111-475 | 365 | 10 | 36 |
| TOTAL: | | | | 66 |

Con estes criterios de selección, a mostra incluírá 175 expedientes, sendo a xuízo da Intervención o suficientemente representativa para garantir un axeitado cumprimento legal e extraer conclusións que poidan extrapolarse ao conxunto da acción de fomento provincial.

A escollo dos expedientes realizarase ao chou, sobre a listaxe que se incorpora como anexo, seguindo a regra da aleatoriedade simple, en presenza do secretario xeral da Corporación, que dará fe do acto redactando a correspondente acta.”

E para que conste e sen prexuízo dos termos da aprobación da acta, segundo o disposto no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Corporacións locais, expido a presente de orde e co visto e praxe do Sr. Presidente na Coruña, a vinte e seis de decembro de dous mil catorce.



Pr.
O PRESIDENTE



SECRETARIA XERAL